

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*EXTRACTO da Resolución do 31 de marzo de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios 2025), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG421A).*

BDNS (Identif.): 825803.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS):

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/825803>

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas os organismos intermedios empresariais de Galicia.

Consideraranse, así mesmo, beneficiarias as empresas que cumpran a definición de peme segundo o anexo I do Regulamento núm. 651/2014 da Comisión, incluso autónomos, que teñan un centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia con polo menos un traballador no momento da presentación da axuda e que participen directamente nas accións subvencionadas e ás que se lles imputará a axuda de minimis que lles corresponda segundo o gasto subvencionado. Cada peme participante deberá declarar o cumprimento dos requisitos de peme e as axudas *de minimis* solicitadas e/ou concedidas nos tres anos previos á concesión da axuda.

As empresas deben estar dadas de alta en programas avanzados do Igape de apoio á internacionalización con informe positivo emitido a partir do 1 de xaneiro de 2013. A solicitude de alta en programas avanzados do Igape de apoio á internacionalización deberá facerse antes do final do prazo de presentación de solicitudes de axuda, a través do procedemento do Igape IG192.



**Segundo. *Obxecto***

As axudas concédense en réxime de concorrencia non competitiva e teñen por obxecto impulsar a posta en marcha de proxectos de internacionalización que reforcen a proxección e o posicionamento das empresas galegas nos mercados internacionais. Para iso, fomentárase a realización conxunta de accións de promoción no exterior, promovendo cooperación empresarial e o aproveitamento de sinerxías entre varias empresas.

**Terceiro. *Bases reguladoras***

Resolución do 31 de marzo de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios 2025), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG421A).

**Cuarto. *Importe***

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.7810 e cos seguintes importes e distribución plurianual: 1.000.000 € con cargo ao ano 2025 e 500.000 € con cargo ao ano 2026.

**Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes***

O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará a computarse transcorridos 5 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* ás 9.00 horas e rematará o 30 de setembro de 2025, ás 14.00 horas, agás que antes desa data se produza o esgotamento do crédito.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2025

Patricia Villajos Grande  
Xerente do Instituto Galego de Promoción Económica

